



Tarde, mal e arrastro: a Consellaría muda as datas de avaliación na ESO

Estamos diante dun novo capítulo dunha realidade, por desgraza, moi consolidada: a Consellaría só acerta (e en parte) cando rectifica

A CIG-Ensino criticou que a Consellaría se presentase na Mesa sen ter enviado previamente un documento cos cambios propostos, tendo que coñecela na propia reunión. A directora xeral recoñeceu o erro e comprometeuse a que non se repita no futuro.

Os cambios afectan aos artigos 10.2, 10.3 e 12 da Orde de calendario escolar e ao artigo 7.8 da Orde de avaliación da ESO. No caso dos primeiros para eliminar a referencia á sesión de avaliación previa, facéndoa coincidir coa final a partir do día 22 de xuño e no caso da Orde de avaliación para retirar a referencia ao informe individualizado entre a 3ª avaliación e a final.

A Consellaría de Educación trae á Mesa Sectorial unha proposta de modificación da Orde do Calendario escolar de 2022-2023 con axustes nas avaliacións de fin de curso da ESO, argumentando que así o pediu a comunidade educativa. Mesmo en declaracións aos medios o conselleiro falou de “clamor” para facer ese cambio.

Sendo absolutamente certo que esta era unha demanda xeralizada o verdadeiro clamor do profesorado é unha maior dotación dos

cadros de persoal, unha redución do horario lectivo e unha redución das ratios. Unhas demandas que tamén son compartidas polas familias e polo alumnado. Non escoita ese clamor o conselleiro?

Chama a atención que empreguen ese argumento cando na negociación da Orde a Consellaría fixo ouvidos xordos ao que desde a CIG-Ensino xa destacamos sobre os problemas de organización nos centros entre os exames ordinarios e extraordinarios do mes de xuño do anterior curso 2021/22.

Nese momento non tiveron en conta a opinión do profesorado. O cambio actual é positivo no que ten a ver co fondo, que é o máis importante, mais nas formas é clara mostra da falta de rumbo da Consellaría: ao facelo a finais do primeiro trimestre volve cargar de máis traballo o persoal docente tendo que modificar agora programacións que xa de por si este ano foron complicadas de elaborar ao ter que facelo a través do aplicativo PROENS. Volvemos incidir, ao igual que na última Mesa, en que o último que debe facer agora a administración é meterlle présa ao profesorado con máis carga burocrática.

A Consellaría desatendeu criterios pedagóxicos e organizativos. Agora rectifica parcialmente sen dar alternativas para mellorar a atención do alumnado que precisa reforzo.

Chamamos a atención sobre un aspecto que, sendo fundamental, a Consellaría non atende por un puro cálculo de recortes de recursos para os centros. Vexamos:

- Como a Consellaría non cría na avaliación continua optou por manter unha avaliación final.
- Cando desde a CIG-Ensino insistimos na necesidade de dotar de profesorado os centros para poder atender alumnado de múltiples grupos e distintas etapas educativas nas últimas semanas de curso mirou para outro lado e provocou problemas organizativos e de atención ao estudiantado nos centros.
- Agora dá marcha atrás pero non oferta ningunha alternativa para acompañar o alumnado durante todo o curso escolar e para poder atender en mellores condicións a tremenda heteroxeneidade e diversidade que hai actualmente nas nosas aulas.
- Tomar esta decisión con tanto atraso implica que o profesorado teña que

cambiar de novo as programacións, que se teña que modificar a PXA dos centros, cando ademais xa se tiña feito unha distribución das avaliacións pensada nas datas que figuraban no actual calendario escolar.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal